

A UDC COMO MOTOR DE SAÚDE E BENESTAR

RS | UDC
19/20



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



A elaboración da Memoria de Responsabilidade Social da Universidade da Coruña (UDC) é froito do convenio de colaboración asinado por INDITEX, S.A. e a UDC do 10 de marzo de 2010, polo que ambas institucións acordaron unir esforzos co obxecto de promover a implantación dun modelo de Responsabilidade Social Universitaria. A coordinación técnica das actuacións que levaron a cabo está a cargo do Vicerreitorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, do Vicerreitorado de Política Científica, Investigación e Transferencia e do Consello Social da Universidade da Coruña.

A UDC COMO MOTOR DE SAÚDE E BENESTAR

RS | UDC
19/20

MEMORIA DE RESPONSABILIDADE
SOCIAL DA UDC 2019-2020



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



■ Presentación

■ Mensaxes institucionais

1. A Universidade da Coruña

- 1.1. Curso académico 2019-2020
- 1.2. Cultura e goberno
- 1.3. Oferta e grupos de interese
- 1.4. Xestión de recursos económicos

2. O noso compromiso coa saúde e a xestión da crise provocada pola COVID-19

- 2.1. Servizos de apoio a estudantes durante a crise sociosanitaria
- 2.2. A nosa aposta pola investigación no ámbito sanitario
- 2.3. A colaboración Universidade-Sociedade como vector de impulso contra a pandemia
- 2.4. O noso compromiso coa continuidade dos servizos

3. A colaboración universidade-empresa como obxectivo chave

- 3.1. As Cátedras Universidade-Empresa na UDC
- 3.2. Os nosos Centros de Investigación
- 3.3. Servizos de soporte e apoio á investigación na UDC
- 3.4. Emprendemento universitario con base tecnolóxica

4. A estratexia de especialización, a internacionalización e o fomento da empregabilidade

- 4.1. Formación especializada como mecanismo de transformación
- 4.2. Internacionalización e colaboración Universidade-Empresa
- 4.3. Empleabilidade e competencias profesionais do alumnado.

5. Compromiso cunha contorna máis sostible

- 5.1. Resposta da Universidade ós retos globais
- 5.2. Máis concienciación para achegarnos á igualdade
- 5.3. Velamos pola defensa da contorna
- 5.4. A UDC e a implicación coa comunidade

■ Perfil da memoria

A background photograph showing a crowd of people, mostly wearing black face masks. In the foreground, a woman with long brown hair and a black mask is looking slightly to the right. Behind her, a man in a dark jacket and mask is visible. The image is partially overlaid by a large blue graphic on the right and a pink vertical bar at the bottom.

PRESENTACIÓN

A presente memoria recolle a achega da Universidade á contorna e ás comunidades onde está presente. Nun contexto de incerteza marcado pola COVID-19, destacamos o esforzo do persoal da Universidade que permitiu asegurar a continuidade das actividades docentes e investigadoras durante os momentos máis críticos da actual crise sociosanitaria. Así mesmo, resaltamos o intenso labor investigador que na actualidade está a levar a cabo a UDC no ámbito da saúde e, particularmente, mediante a posta en marcha de proxectos de investigación específicos vinculados á loita contra a pandemia.

Nas próximas páxinas renderemos contas sobre os compromisos que nos vinculan aos nosos estudantes, ao persoal docente e investigador, ao persoal de administración e servizos, ao medio ambiente, e á sociedade en xeral.

Por tanto, elaboramos a presente memoria como exercicio de transparencia e comunicación cos nosos grupos de interese. Desta forma, mostramos o noso enfoque innovador e o noso esforzo por impulsar un modelo de vida adecuado ás necesidades actuais desde a óptica universitaria. Para iso, apostamos por axentes clave de transformación como a formación, a investigación e a transferencia de coñecemento.

CARTA DO REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Memoria de Responsabilidade Social da Universidade da Coruña correspondente ao curso 2019-2020 “A UDC como motor de saúde e benestar” xorde como un exercicio de transparencia cos nosos grupos de interese e como froito do esforzo de todas as persoas da nosa comunidade universitaria. A través da presente Memoria, queremos trasladar á sociedade o enfoque e o desenvolvemento das nosas actuacións no marco do noso compromiso coa sustentabilidade e cun crecemento responsable.

O curso académico 2019-2020 estivo marcado pola aparición e o desenvolvemento da COVID-19. Desta forma, tivemos que depositar todos os nosos esforzos en garantir a finalización do curso de forma responsable baixo estritas condicións de saúde e seguridade. A evolución da pandemia afectou directamente á actividade esencial da nosa universidade, pero grazas ao compromiso e a determinación das persoas que conforman a UDC conseguimos avanzar cumprindo os obxectivos establecidos para todos os períodos.

Agora temos por diante un importante reto de crecemento e un exercicio de adaptación a unha nova contorna, non será fácil, pero asumimos este desafío con valentía e perseveranza na execución de todas as nosas actuacións. Con tal fin, continuamos fortalecendo as nosas relacións tanto co sector público como co privado de forma que continuamos impulsando as colaboracións da UDC.

Desde a universidade, como resposta á crise sociosanitaria xerada pola pandemia, impulsamos a nosa posición en materia de saúde e benestar. Desta forma, entendemos que a formación, a innovación, a investigación e a transferencia de coñecemento son piares fundamentais para alcanzar unha sociedade máis fortalecida e igualitaria.

As nosas actuacións e responsabilidades enfócanse desde un prisma de igualdade de oportunidades, tolerancia e comunicación. A procura continua da excelencia e o desenvolvemento dun contexto socioeconómico inclusivo guíanos como motor de crecemento velando pola saúde e o benestar.

Durante o desenvolvemento da pandemia puxemos todos os nosos recursos dispoñibles ao servizo das autoridades competentes e, ademais, tamén facilitamos ao noso alumnado as condicións para finalizar os estudos. Algunhas das accións levadas a cabo foron o aprazamento de pagos, a adaptación das guías docentes ás novas circunstancias ou convocatorias extraordinarias de axudas para o estudantado.

Neste mesmo sentido, destacamos o desenvolvemento de proxectos de investigación vinculados ao área sanitaria e á loita contra a COVID-19 como mecanismos para avanzar cara a unha sociedade máis fortalecida. Os nosos Centros de investigación xogan un papel fundamental nesta materia. Deste xeito, subliñamos proxectos, entre outros, que contan cun beneficio potencial importante para a sociedade como pode ser o proxecto de monitoraxe da carga viral de SARS-CoV-2 nas diferentes fraccións de augas residuais e lodos da planta de Edar Bens durante a pandemia ou o desenvolvemento dunha ferramenta web, Cooperative Forecasting, que permite monitorar e predicir o desenvolvemento da pandemia a través de datos vinculados ao desenvolvemento da mesma, por exemplo os contaxios.

Ademais, este ano continuamos mantendo a nosa relación universidade-empresa a través das Cátedras. Por exemplo, a Cátedra de Protección Civil e Xestión de Emerxencias que nacendo en 2019 xogou un papel importante durante o desenvolvemento da pandemia e conseguiu desenvolver actividades dentro da normalidade que o contexto da COVID-19 nos permitiu.

Esta forma de actuar baixo criterios éticos e de responsabilidade aliñados coa cultura da UDC permítenos seguir construíndo unha comunidade universitaria segura e cohesionada, á vez que camiñamos impulsando a nosa estratexia de sustentabilidade.



Julio E. Abalde Alonso

Reitor.



CARTA DA VICERREITORA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Outro ano máis publicamos a Memoria de Responsabilidade Social da Universidade da Coruña 2019-2020 renovando o noso compromiso poñendo ao dispor da comunidade universitaria e de todos os nosos grupos de interese a información necesaria para comprender a nosa evolución nun marco de responsabilidade.

A pandemia xerada pola crise da COVID-19 puxo en dúbida o desenvolvemento normal da actividade universitaria. Por iso, traballamos continuamente para poder desenvolver a actividade académica e garantir unha formación superior de calidade.

A UDC puxo ao dispor das autoridades competentes todos os recursos dentro das nosas posibilidades para asegurar a saúde e seguridade das persoas. Ademais, neste mesmo sentido, impulsamos accións vinculadas á nosa responsabilidade co estudantado co principal obxectivo de continuar ofrecendo os nosos servizos en igualdade de oportunidades.

Unha sociedade xusta e avanzada debe cimentarse sobre os principios de igualdade e non discriminación. Calquera persoa debe gozar de oportunidades en igualdade de condicións, tanto no ámbito universitario como en calquera outro ámbito social. O respecto e a solidariedade son aspectos fundamentais para unha sociedade cohesionada, elementos importantes que nos axudan a superar situacións complicadas, como estamos a ver nestes días.

Nese sentido, contamos coa Unidade Universitaria de Atención á Diversidade que, a través da cal, permítenos garantir a atención universitaria a persoas con necesidades específicas facilitando a integración e a igualdade de oportunidades.

Por outra banda, nun contexto marcado pola crise sanitaria, hoxe máis que nunca debemos loitar por un crecemento sostible de maneira que repercuta direc-

tamente de forma positiva na saúde das persoas. A través do programa UDC Saudable plasmamos o noso enfoque e preocupación polo benestar da comunidade universitaria, e a sociedade no seu conxunto, mediante a promoción de hábitos saudables que permitan previr enfermidades e alcanzar unha maior calidade de vida.

Igualmente, impulsamos a nosa relación coa empresa a través das Cátedras que impactan directamente nas comunidades impulsando a docencia e o desenvolvemento en beneficio das persoas, por exemplo a Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos ou a Cátedra de Protección Civil e Xestión de Emerxencias.

Así mesmo, continuamos impulsando a nosa estratexia de crecemento vinculada ao Campus de Especialización Industrial, de forma que impulse a actividade universitaria vinculada ao Campus de Ferrol e posicionarse como un polo de innovación e transferencia de coñecemento universidade-empresa. Queremos dinamizar a economía rexional e nacional partindo da valorización e aproveitamento dos resultados da contorna onde pertence o Campus Industrial. Para iso, traballamos en actividades que abarcan un amplo espectro, desde a docencia e a investigación ata a transferencia e a difusión ou a promoción

Para finalizar, gustaríame remarcar a necesidade de actuar de forma responsable e solidaria coas comunidades, sobre todo nun escenario plenamente marcado polo desenvolvemento da pandemia. As necesidades sociais son crecentes, pero traballando conxuntamente desde o ámbito universitario podemos e debemos loitar por un mundo máis igualitario que garanta unha vida saudable para todas as persoas.



María Jesús Movilla Fernández

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

CARTA DO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL

Un ano máis, a Universidade da Coruña publica a súa Memoria de Responsabilidade Social, como mostra do seu compromiso responsable coa transparencia e rendición de contas ante a sociedade á que se debe e financia maioritariamente.

Durante o curso académico 2019-2020, a aparición da COVID-19 xerou unha crise social e sanitaria sen precedentes que condicionou o normal desenvolvemento de todas as dimensións da actividade universitaria. A difícil situación de incerteza pola que todos atravesamos como consecuencia do impacto da pandemia da COVID-19 nas nosas vidas, afectou de cheo, como non pode ser doutra forma, á nosa Universidade que, nun escenario ata o de agora descoñecido, viuse obrigada a tomar decisións urxentes e transcendentais sobre a terminación do curso académico 2019-2020, garantindo o dereito dos estudantes para culminar os seus estudos, sen diminución dos mínimos requirimentos de calidade que han de cumprir os ensinos universitarios.

A Conferencia de Consellos Sociais (CCS), que aglutina aos Consellos Sociais das universidades españolas en canto órganos de participación da sociedade na universidade, en cuxos plenos comparten voz empresarios, profesionais, autónomos, sindicatos, estudantes, egresados e representantes das administracións públicas e da propia universidade, aprobou, o 1 de abril de 2020, unha declaración institucional agradecendo e valorando «o esforzo que, en condicións moi complicadas, están a facer as nosas universidades para garantir o desenvolvemento da actividade docente e seguir cumprindo as súas misións de investigación e de transferencia dos seus resultados ao sector produtivo», apoiando sen reservas a consecución deste gran reto.

O Consello Social da UDC súmase, como non pode ser doutra forma, a esta declaración, e traslada o seu recoñecemento á Universidade da Coruña por ser capaz de manter o pulso da actividade docente e investigadora nun contexto colmado de grandes adversidades. Transcorrida esta etapa, debemos ser conscientes de que o futuro que se avexia tampouco será fácil e que, máis que nunca, imos necesitar que as nosas universidades sexan verdadeiros motores do desenvolvemento económico e axentes do benestar social.

As Universidades deben seguir loitando e traballando por situar o benestar das persoas que conforman a sociedade no centro da súa actividade. Hoxe máis que nunca, a saúde, o noso ben máis prezado, debe ser un obxectivo prioritario. A investigación e a transferencia de resultados, aplicadas ao sector saúde, son actividades esenciais para o desenvolvemento e o cumprimento dos nosos obxectivos como sociedade, tal e como o demostran os distintos proxectos e iniciativas de gran relevancia promovidos neste ámbito pola Universidade da Coruña e dos cales se dá conta nesta Memoria.

A pandemia do virus COVID-19 ratificou a alta valoración social do noso sistema sanitario, engadíndolle unha ben merecida dose de heroísmo que todos aplaudimos. O seu financiamento baséase en recursos obtidos por vía impositiva e damos á saúde tal valor, que ninguén poñería en dúbida a bondade de calquera análise custo-beneficio, por inxente que fose aquel, para xustificar o seu adecuado financiamento. Con todo, con outro servizo público de non inferior valor social, a educación e os seus derivados inherentes, a cultura, a ciencia e a investigación, a formulación varía completamente e queda moito camiño que percorrer ata recoñecerlle a prioridade que se merece.

É tempo de concentrar esforzos na recuperación da normalidade e nese devir hai que apostar polo desenvolvemento da ciencia e a investigación como instrumentos de xeración de benestar e calidade de vida das persoas; sen as universidades o cumprimento dese obxectivo sería imposible. Débenos axudar unha reflexión que, despois da pandemia, ninguén vai poñer en dúbida: a ciencia e a investigación non só son rendibles e crean riqueza e benestar cando se xestionan con criterios de mérito e competitividade, senón que ademais salvan vidas humanas.

Por todo iso, agora, case vencida a pandemia e cando afrontamos a nosa reconstrución económica e social, debemos prestar maior atención á ciencia e á investigación, á súa íntima conexión cunha universidade necesariamente excelente como produtora de talento e coñecemento e á súa necesaria vinculación coa empresa.



Antonio Abril Abadín

Presidente do Consello Social da UDC e da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas..

A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Con máis de 30 anos de historia, a Universidade da Coruña continúa afrontando os retos e as oportunidades da contorna cunha visión innovadora a través da formación, a investigación e a transferencia dos resultados.

A nosa ambición de mellora continua permítenos ir abrindo camiño cara a un desenvolvemento máis sostible. Este crecemento integra de forma transversal a dedicación para asegurar o benestar e a saúde das persoas a través de todas as nosas actuacións. No proceso de adaptación

a un mundo interconectado creamos as ferramentas necesarias para proporcionar servizos sostibles e de vangarda.

A través das nosas estratexias, desde a UDC buscamos dar unha resposta ás necesidades da sociedade e posicionarnos como exemplo de superación e inclusión. A nosa experiencia en formación, investigación e transferencia de resultados posícionanse como factores clave para alcanzar unha sociedade cunha maior calidade de vida.





1.1. Curso académico 2019-2020

A Universidade da Coruña (UDC) viviu un curso marcado pola necesidade de adaptarse ós efectos da crise provocada polo coronavirus. O ano no que comezou a pandemia obrigounos a traballar na xestión dunha crise que impactou tanto a nivel sanitario, como social e económico. Desta forma, o impacto da mesma afectou a todos os ámbitos nos que se desenvolven as nosas principais actuacións: docencia, investigación e transferencia.

Neste contexto, continuamos aprendendo e traballando cara a un horizonte seguro e de calidade mediante a protección do benestar social e a mellora continua a través da innovación. Creemos na UDC como ferramenta de adaptación a un mundo global ofrecendo servizos máis seguros con solucións modernas, vangardistas e sostibles.



40	graos
7	programas de simultaneidade
52	másteres
37	programas de doutoramento
34	títulos propios



97	grupos de investigación
6	patentes tramitadas
30	registros de software
225	convenios e contratos de investigación
102	tese de doutoramento
11,3M	de euros de financiamento externo para investigación



3.225	novos estudantes de grao
16.832	matrículas
13.581	estudantes de grao Campus da Coruña: 11.612 Campus de Ferrol: 1.969
2.065	estudantes de máster
1.186	estudantes de doutoramento
261	estudantes de títulos propios
2.205	equipo humano Persoal de administración e servizos (PAS): 797 Persoal docente e investigador (PDI): 1.408

1.2. Cultura e goberno

Estrutura

A nosa Universidade estrutúrase en órganos de goberno de carácter colexiado e unipersoal e, ademais, organízase segundo departamentos, facultades, escolas, institutos de investigación, Escola Internacional de Doutoramento e outros centros ou estruturas necesarias para o desempeño das súas funcións.

Os órganos de goberno da Universidade son o Consello Social, o Claustro Universitario e o Consello de Goberno. De conformidade coas competencias que a cada un atribúe a normativa vixente, estes órganos universitarios traballan para asegurar a calidade e a excelencia dos servizos de formación, investigación e transferencia dos seus resultados.

Grazas ao funcionamento da estrutura e a organización dos órganos de goberno facilitamos a inclusión de todos os grupos de interese da Universidade relacionados co desenvolvemento da nosa actividade formativa, investigadora e de transferencia.

• Consello Social

É o órgano de participación da sociedade na Universidade da Coruña (UDC). A súa misión é velar pola satisfacción das necesidades e expectativas da Sociedade por parte da Universidade. Promove a colaboración entre ambas e a excelencia na docencia, na investigación e na transferencia do coñecemento científico.

• Claustro Universitario

É o máximo órgano que representa a comunidade universitaria. A súa máxima responsabilidade recae na elaboración dos Estatutos da Universidade. Intégranlo o reitor, que é o mesmo que o preside, o secretario xeral, o xerente e 300 membros elixidos entre o persoal docente e investigador (PDI), doutor con relación permanente, membros das categorías restantes de PDI, estudantes e persoal de administración e servizos.

• Consello de Goberno

É o órgano de goberno da Universidade que está formado polo reitor, o secretario xeral, o xerente, os vicerreitores, membros do Claustro designados polo propio Claustro, representantes dos decanos e os directores de centros, directores de departamentos, de institutos universitarios de investigación, membros designados polo reitor e membros do Consello Social. Entre as súas funcións atópanse as da elaboración dos orzamentos; crear, modificar ou suprimir centros, institutos, titulacións e estudos; e aprobar e modificar plans de estudo, acordando directrices para a súa elaboración e supervisión do desenvolvemento e execución.

• Consello de Dirección

Atópase formado polos órganos unipersoais: o reitor, os vicerreitores, o secretario xeral e o xerente. Encárgase das funcións de asesoramento ao reitor en materias que sexan da súa competencia, así como de propoñer ao Consello de Goberno o proxecto de orzamento e a programación plurianual, entre outras cousas.

• Valedor Universitario

Ten a responsabilidade de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades das persoas que forman parte da comunidade universitaria.

Misión, visión e valores



Misión

Temos como finalidade última contribuír ao avance cultural, social e económico da sociedade por medio da xeración, xestión e difusión de cultura e coñecemento científicos, tecnolóxico e profesional. Concibimos a nosa misión como un servizo público, galego e de calidade.

Forma parte da nosa misión a formación dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática, cooperativa e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Son as nosas funcións ao servizo da sociedade:

1. A creación, o desenvolvemento, a transmisión e a crítica da ciencia, da técnica e a cultura.
2. A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de métodos e coñecementos científicos e artísticos.
3. A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, a calidade da vida e o desenvolvemento económico.
4. A difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida.





Visión

No horizonte 2020, na UDC aspiramos a:

- Achegarnos á sociedade para ser quen de entender as súas necesidades e dar resposta aos cambios que se produzan na súa contorna.
- Colaborar con todos os axentes sociais e entidades públicas e privadas para estudar, diagnosticar e achegar solucións aos retos formulados pola sociedade.
- Xerar canles de participación solidaria que se comprometan co desenvolvemento sostible e o medio ambiente mediante a innovación.
- Ofrecer unha formación axustada ás necesidades presentes e futuras da nosa contorna e que responda tamén a unha aprendizaxe adaptada ao avance individualizado do discente mediante o fomento de metodoloxías docentes innovadoras e eficaces na adquisición das habilidades e competencias requiridas polas titulacións.

Así mesmo pretendemos:

- Estar implicados, máis aló da formación integral das persoas no desenvolvemento das competencias que melloren a empregabilidade do seu estudiantado nos ámbitos locais, estatais e internacionais.
- Fomentar a creación e desenvolvemento de redes estatais e internacionais de grupos de investigación básica e aplicada que contribúan ao progreso científico, tecnolóxico, económico e social.
- Ser recoñecidos pola transferencia dos nosos resultados de investigación mediante iniciativas innovadoras para a posta en valor dos servizos técnicos e científicos dos que dispoñemos e que ofrece o noso Parque Tecnolóxico.
- Combinar a promoción dun coñecemento universal en todas as ramas de saber coa especialización naquelas áreas científicas e tecnolóxicas nas que destaca.
- Xestionar os nosos recursos con eficacia, eficiencia, equidade e transparencia e dispoñer dun sistema de financiamento público suficiente e estable, que se complementa coa colaboración do sector privado.
- Unha proxección internacional cada vez maior de todas as nosas actividades docentes e investigadoras.

Unha organización dotada dun sistema de dirección estratéxica que favoreza a consecución dos nosos obxectivos mediante a implicación e a colaboración do conxunto da nosa comunidade universitaria.



Valores

No cumprimento das nosas finalidades propias, e como institución pública, civil, autónoma, inclusiva e laica, rexémonos polos seguintes valores e principios:

- A igualdade de oportunidades mediante a aplicación dos criterios de mérito, capacidade e igualdade e mediante a defensa ao acceso universal á Universidade e o fomento dunha cultura de non discriminación.
- O esforzo das persoas como aspecto clave do progreso e do desenvolvemento individual, como a coordinación de vontades e capacidades persoais orientada á resolución de problemas, a superación de conflitos e a consecución dos obxectivos colectivos orientados ao interese común.
- A participación, fomentando as canles de comunicación entre todos os membros da nosa comunidade universitaria no proceso de toma de decisións, como instrumento para aproveitar todas as capacidades e os recursos dispoñibles.
- O compromiso e a responsabilidade social para contribuír activamente á mellora do sistema socioeconómico da nosa contorna e implicarnos na xeración do benestar económico para o conxunto da sociedade.
- O compromiso con Galicia, coa transformación e o desenvolvemento da sociedade galega responsabilizándonos do cultivo, da protección e da transmisión dos valores patrimoniais e culturais, tanto no ámbito artístico como urbanístico, arquitectónico, documental ou lingüístico.
- O respecto ao medio ambiente como Universidade socialmente responsable, xestionando os recursos á nosa disposición para que xeren o menor impacto ambiental posible e procurando a maior eficiencia e eficacia no seu uso.
- A eficiencia, como responsables da xestión de recursos públicos para conseguir o seu uso eficaz, orientado a satisfacer as necesidades da sociedade e o seu ben común.
- A calidade como meta e vontade de mellora continua na docencia, na investigación, na xestión e nos servizos, co fin de alcanzar maiores cotas de benestar social.
- A transparencia como mecanismo de rendición de contas para xustificar as nosas decisións e propiciar a adecuada verificación das nosas actuacións.



Os nosos obxectivos estratéxicos

Docencia e aprendizaxe

- Aprendizaxe de calidade no ámbito do espazo europeo de educación superior.
- Atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados.
- Oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades da contorna.



Investigación, innovación e transferencia

- Producción científica de calidade.
- Incrementar a colaboración coas empresas da contorna e fomentar a transferencia de coñecemento.
- Internacionalizar a investigación e transferencia.



Responsabilidade social

- Universidade que impulsa o cambio social.
- Igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación.
- Universidade responsable do seu impacto ambiental.



Internacionalización

- Titulacións e ambiente universitario social.
- Mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais.
- Mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria.



Financiamento e uso eficiente dos recursos

- Captación de recursos proactiva e ingresos diversificados.
- Xestión eficiente responsable e transparente dos recursos públicos.
- Comunidade identificada coa institución.

Para asegurar a nosa cultura universitaria, baseada na ética e a responsabilidade, desenvolvemos un Código Ético que recolle os valores e principios que se presentan como os fundamentos sobre os que se cimentan os nosos comportamentos e actuacións.



Profesionalidade

Libertade

Responsabilidade

Creatividade

Honradez

Respecto

Xustiza

Lealtade

Ben común

Confiabilidade

Seguridade

1.3. Oferta e grupos de interese

Oferta académica



Na Universidade da Coruña comprometémonos a garantir unha oferta académica inclusiva e de calidade. O noso obxectivo céntrase en dar resposta ás necesidades formativas e expectativas docentes das persoas que requiren de servizos educativos superiores.

Parte da nosa oferta responde os requirimentos expostos polas administracións que son as encargadas de verificar a calidade dos nosos plans de estudo, e, por outra banda, ás condicións particulares dos nosos estudantes e as necesidades da sociedade.

A estrutura a nivel formativo dos títulos oficiais é a seguinte:




Para completar a nosa oferta educativa, contamos con títulos propios de posgrao distribuídos da seguinte maneira:



Dentro da nosa oferta dispoñemos de 7 programas de simultaneidade que ofrecen unha oportunidade ao estudantado para que poida cursar dous graos de maneira simultánea.

Distribución de graos 2019/2020 por área de coñecemento



Grupos de interese

Os nosos principios e valores establecen a base de co-laboración e entendemento cos nosos grupos de inte-rese.A través deles facilitáanse e establecen a participa-ción dos mesmos no día a día da UDC.

O noso marco de colaboración cos nosos grupos de interese permítenos afrontar dunha forma máis aber-ta e competitiva o desenvolvemento da nosa activida-de, apostando por procesos innovadores que logran maximizar o achegamento de valor social, económico e cultural.

Identificamos como principais grupos de interese os seguintes:



Tendo en conta a nosa actividade como Universidade, onde principalmente desenvólvense accións de do-cencia, investigación e transferencia de resultados, os grupos de interese cunha influencia máis inmediata son os estudantes e o noso equipo humano formado polo persoal de administración e servizos (PAS) e o persoal docente e investigador (PDI).

Doutra banda, as empresas son actores notables no desenvolvemento económico e social. Un tecido em-presarial sólido é o principal motor da transferencia de resultados de investigación, posicionándose por tanto como un actor principal para dar a resposta necesaria ante crises como, por exemplo, a crise socioeconómica e sanitaria debido á pandemia do coronavirus.

Polo noso carácter de universidade pública, a colabo-ración coas administracións públicas adquire unha gran importancia, debido ao papel no desenvolvemento normativo e económico.


Desde a UDC estamos comprometidos co traballo rea-lizado polas entidades que pertencen ao terceiro sec-tor debido á súa actividade establecida nun marco de loita pola igualdade e o desenvolvemento social.

Doutra banda, como universidade, remarcamos o noso apoio e contribución a outros axentes sociais e, en xe-ral, ao conxunto da sociedade. Neste sentido, estamos implicados coa participación de toda a sociedade na nosa Universidade e da nosa responsabilidade co cre-cemento da mesma, desde a contorna máis próxima ata o ámbito máis internacional.


a) Estudantes

O noso carácter de organismo público de ensi-no lévanos a enfocar os esforzos nos estudantes, considerámoslos o noso grupo de interese prio-ritario. Grazas a eles ten sentido o noso traballo e cumprimos o noso propósito docente. Poñe-mos todos os nosos esforzos en superar as súas expectativas e adaptarnos ás súas necesidades coa máxima calidade.

A continuación, mostramos os datos de evolu-ción do número de alumnos por tipo de forma-ción e por rama, coa súa distribución por xénero e campus universitario.




Distribución de
estudiantes por
ramas de graos
oficiais 2019/2020




- Artes e humanidades
- Ciencias
- Ciencias da saúde
- Enxeñería e arquitectura
- Ciencias sociais e xurídicas

Estudantes
de grao
representados
por xénero



- Mulleres
- Homes

Estudantes de
titulacións oficiais
por campus



- Ferrol
- A Coruña


b) Equipo humano

O noso equipo humano pódese clasificar en dous grupos segundo as actividades que desempeñen dentro da Universidade. Está integrado polo persoal de administración e servizos (PAS) e o persoal docente e investigador (PDI).

Os grupos que conforman o noso equipo humano proporcionan valor á institución e son o pilar fundamental da Universidade. Grazas a eles conseguimos garantir a máxima excelencia no ensino, na protección e coidado das persoas e o medio ambiente, nunha senda de innovación e desenvolvemento sostible.


En total, contamos con 2.205 colaboradores que fan posible que a nosa Universidade sexa unha garantía de calidade e eficiencia.

Equipo
humano




- PDI
- PAS

Distribución
PAS por xénero



- Mulleres
- Homes

Distribución
PDI por xénero




- Mulleres
- Homes



Grazas ao persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, ao persoal funcionario e laboral, somos capaces de desenvolver adecuadamente as funcións de xestión, apoio, asistencia e asesoramento para a prestación dos servizos universitarios apoiando os nosos fins.

O persoal docente e investigador que se encarga das tarefas da Universidade da Coruña está composto por funcionarios e funcionarias dos equipos docentes da universidade e polo persoal contratado e dedicado á docencia de calidade dentro do Espazo Europeo de Educación Superior.

PDI por cada PAS



PAS por tipo de persoal



A continuación, móstrase por categorías a nosa estrutura organizativa do persoal docente e investigador pertencente aos equipos e con relación laboral:

	2019/2020
Catedrático/a de Escola Universitaria	27
Catedrático/a de Universidade	164
Profesor/a Asociado/a	191
Profesor/a Asociado/a de CC de Saúde	2
Profesor/a Colaborador/a	38
Profesor/a Contratado/a Doutor/a	199
Profesor/a Lector/a	5
Profesor/a Substituto/a	169
Profesor/a Titular de Escola Universitaria	92
Profesor/a Titular de Universidade	415
Outros/as*	20


* Categorías en extinción polo que non se contemplan na lista

1.4. Xestión dos recursos económicos


Impulsamos o uso eficiente dos recursos para un desenvolvemento sostible innovador e que impulse a transformación social. O noso método de éxito baséase no apoio, a unión e a igualdade de oportunidades. Neste sentido, contamos cunha gran experiencia implementando o noso modelo de xestión, conseguindo premios que o acreditan.

Os logros que nos propoñemos contan cun orzamento elaborado e medido en función das nosas necesidades, axustados á realidade de cada momento para conseguir as nosas metas nun contexto marcado por constantes cambios onde a adaptación é un pilar fundamental.

Evolución orzamentaria (millóns de euros)




Gastos por destino



- Gastos de persoal
- Gastos correntes en bens e servizos
- Inversións reais
- Outros

Gastos por procedencia



- Tasas, precios públicos e outros
- Transferencias correntes
- Transferencias de capital
- Outros

O NOSO COMPROMISO COA SAÚDE E A XESTIÓN DA CRISE PROVOCADA POLA COVID-19

Na UDC estendemos o noso compromiso coa saúde e a seguridade a todas as nosas actuacións. Ademais, a situación sanitaria que estamos a vivir pon máis en valor a necesidade de promover as actividades relacionadas coa innovación e investigación.

Principalmente, durante a etapa de confinamento traballamos para continuar ofrecendo todos os nosos servizos á comunidade universitaria, maioritariamente de forma telemática. Neste sentido, continua-

mos estando comprometidos cos servizos de investigación e a actividade que levan a cabo día a día os nosos investigadores no ámbito da saúde.

Co impulso da investigación e innovación en saúde posicionámonos de forma efectiva nunha época marcada pola crise sanitaria derivada da COVID-19. Neste sentido, como membros da nosa comunidade universitaria continuamos apoiando ao estudante, así como a toda a sociedade.



2.1. Servizos de apoio a estudantes durante a crise sociosanitaria

Durante o comezo e a evolución da pandemia unha das nosas prioridades foi garantir o acceso aos servizos universitarios a todos os estudantes da UDC, velando sempre pola igualdade de oportunidades.

As accións levadas a cabo están dirixidas a toda a comunidade universitaria, pero debido á situación sanitaria xerada pola COVID-19 e o impacto socioeconómico que xerou, puxemos especial atención en apoiar aos estudantes máis vulnerables e con maior risco de exclusión.

Por este motivo, desde a UDC desenvolvemos un Plan de Apoio ao estudiantado a través de medidas como a flexibilización das normas de permanencia para as persoas afectadas pola pandemia ou a modificación do calendario de pago de matrícula, entre outras.



- **Modificación do calendario de pago fraccionado dos prezos públicos da matrícula.** Aprazamos o cuarto prazo de pago dos prezos públicos de matrícula correspondente aos meses de marzo e abril.
- **Adaptación do procedemento das guías docentes.** Modificamos as guías docentes para acomodar as actividades académicas á suspensión temporal das actividades académicas presenciais debido á situación xerada polo coronavirus.
- **Adaptación do procedemento das prácticas curriculares e extracurriculares.** Modificamos o procedemento establecido para as prácticas curriculares e extracurriculares previstas para acomodar as actividades académicas á suspensión temporal das actividades universitarias presenciais debido á situación xerada polo coronavirus.
- **Regulación da matrícula do alumnado en programas de mobilidade.** Xestionamos as matrículas do estudiantado que solicita retorno á actividade académica da UDC debido á situación xerada polo coronavirus.
- **Zonas wifi.** Habilitamos espazos (instalacións propias, instalacións doutras universidades e aulas da Rede CeMIT) co obxectivo de que os estudantes con dificultades tecnolóxicas poidan realizar os exames de forma telemática.

Ademais, tamén puxemos o foco de actuación en materia de xestión de axudas, fondos recibidos e apoio económico a estudantes.

- **Convocatoria extraordinaria de axudas para o alumnado.** Realizamos unha convocatoria extraordinaria de axudas, debido á situación xerada polo coronavirus, principalmente:
 - ✓ Asegurar o acceso de todo o estudiantado ao ensino a distancia. Axudas para facilitar o acceso aos servizos da internet cun apoio máximo de 40 euros por estudante.
 - ✓ Aliviar a carga económica das familias debido aos estudos universitarios. Axuda por situación de dificultade económica con importes máximos entre 200 e 300 euros en función das titulacións cursadas.

“A nosa prioridade foi acompañar a todos os estudantes de forma que puidesen acceder aos servizos universitarios en igualdade de oportunidades.”

Igualmente, co obxectivo de continuar as actividades da Universidade dentro das posibilidades, inicialmente o 23 e 24 de abril realizamos Xornadas de Portas Abertas Virtuais para ensinar as nosas titulacións aos futuros estudantes interesados en formarse academicamente na UDC. Debido ao éxito das xornadas, repetíronse o 14 e 15 de xullo.

#PorTieParaTi

79.000 euros destinados.

72 axudas para facilitar o acceso a internet.

242 axudas para o pago da matrícula.

7.400 visitas rexistradas.

Por outra banda, dentro da colaboración interuniversitaria, desde a UDC adherímonos ao plan de apoio ao alumnado durante o estado de alarma impulsado polo Grupo 9 (G-9) de Universidades.

G-9 de Universidades

- Universidade de Cantabria
- Universidade de Castela a Mancha
- Universidade de Extremadura
- Universitat de Les Illes Balears
- Universidade da Rioxa
- Universidade de Oviedo
- Universidade do País Vasco / Euskal Herriko Unibertsitatea
- Universidade Pública de Navarra
- Universidade de Zaragoza
- Universidade de Burgos
- Universidade da Coruña.



Este plan persegue axudar aos alumnos de universidades públicas que residían durante o estado de alarma nunha Comunidade Autónoma diferente da universidade na que está matriculado.

Prácticamente

400 estudantes da UDC poden beneficiarse do acordo.

Na medida do posible, as citadas universidades ofrecen apoio ao estudantado en actividades non presenciais da mesma forma que aos seus estudantes propios.

Conscientes do contexto de dificultade que xerou para todas as persoas pertencentes á comunidade universitaria o desenvolvemento normal das actividades, desde a UDC puxemos ao dispor da mesma os recursos necesarios cando fose posible.

Neste sentido, facilitamos aulas e espazos con conexión a servizos da internet para o alumnado que tivese dificultades para acceder aos mesmos e, desta forma, poder realizar os exames en igualdade de oportunidades.

Ademais, para evitar desprazamentos e a mobilidade, facilitamos a realización da matrícula da ABAU de forma telemática nunha páxina específica da nosa Universidade. No mesmo sentido, durante o confinamento puxemos ao dispor da comunidade universitaria recursos docentes e científicos en aberto co obxectivo de facilitar o acceso a distancia para todas as persoas.

2.2. A nosa aposta pola investigación no ámbito sanitario

A innovación e a investigación sanitaria son dous mecanismos esenciais para superar a pandemia xerada pola COVID-19 e, ademais, saír reforzados desta situación contribuíndo ao desenvolvemento da sociedade.

Deste xeito, o ámbito universitario como polo de investigación, xeración de coñecemento e transferencia, empúxanos a posicionarnos como impulsores do avance científico en materia de saúde e desenvolvemento clínico-sanitario.

“A innovación e a investigación sanitaria son factores chave para o desenvolvemento da sociedade e poder superar con maior fortaleza a pandemia da COVID-19.”

Innovación e investigación contra a COVID-19

Neste marco de promoción da investigación, queremos destacar proxectos e estudos innovadores que axudan a afrontar a crise sanitaria e que, ademais, contaron coa participación de investigadores ou grupos de investigación da nosa universidade:

Xeo-enquisas.

A través dunha ferramenta de desenvolvemento propio, Emapic, o laboratorio da UDC CartoLAB impulsou diferentes iniciativas baseadas na recollida de datos xeolocalizados que permite elaborar mapas en diferentes liñas de investigación sobre a COVID-19 ou movementos como #YoMeQuedoEnCasa.

Reposicionamento de fármacos.

Proxecto de investigación que persegue o obxectivo de atopar fármacos que xa están no mercado e poidan ser efectivos contra a COVID-19.

Incidencia do tecnoestrés.

Estudo da incidencia do tecnoestrés derivado da situación de teletraballo medido nos diferentes colectivos da comunidade universitaria.

Estratexias de menor impacto psicológico.

Estudo que pretende atopar diferentes estratexias de menor impacto psicológico para previr o contaxio da COVID-19, debido á rápida evolución da pandemia e a alteración das rutinas diarias.

Tensión de proxenitores.

Investigación sobre o benestar e a tensión das nais e os pais durante o confinamento derivado da pandemia da COVID-19, identificando as posibles implicacións na súa calidade de vida.

Mellora da habitabilidade.

Servizo gratuíto de asistencia á cidadanía para a mellora da habitabilidade dos fogares polo confinamento.

Pautas para reducir o contaxio.

Artigo que reúne unha serie de recomendacións prácticas co obxectivo de reducir o contaxio de COVID-19 entre socorristas.

Hábitos deportivos.

Análise dos hábitos deportivos, a través dunha enquisa a 2.500 participantes, que investiga o efecto do confinamento sobre o consumo da actividade física vía en liña.

Comunicación e a crise do coronavirus.

Estudo liderado por unha investigadora da UDC que se plasma na publicación dun artigo científico que analiza a comunicación e a crise do coronavirus en España.

Monitoraxe.

Monitoraxe da carga viral de SARS-CoV-2 nas diferentes fraccións de augas residuais e lodos da planta de EDAR BENS SA no transcurso da epidemia da COVID-19. O obxectivo principal é elaborar un modelo matemático que actúe como sentinela e poida predicir novos gromos.

Repercusións psicosociais.

Proxecto de investigación, en colaboración con investigadores da Universidade Nacional Maior de San Marcos (Lima, Perú), que persegue verificar as repercusións psicosociais de persoas de diferentes países fronte á pandemia da COVID-19. Desta forma, estúdase o comportamento de diferentes sociedades e culturas fronte a unha situación de alarma similar.

“A situación do emprendemento en Galicia ante a crise da COVID-19”.

Estudo realizado coa participación dunha profesora da UDC no que se expón a preocupación polo emprego no sector empresarial galego, cifrando nun 40% a parálise da actividade durante a pandemia da COVID-19.

Impacto sobre o turismo.

Análise da situación creada pola COVID-19 e o seu impacto sobre os principais axentes turísticos da cidade da Coruña. Análise do efecto a curto e longo prazo desde a perspectiva dos principais grupos de interese (visión económica, social e ambiental).

Ademais, persoas investigadoras da UDC tamén participaron en eventos internacionais en relación coa COVID-19, así como a realización de eventos e xornadas desde a universidade:

- **“O futuro do traballo e a COVID-19: o momento da verdade”.** Conferencia organizada polo Consello Social da Universidade da Coruña co obxectivo de ofrecer unha visión xeral de como a crise actual pode afectar as contornas de traballo. Abórdanse cuestións como cales son as novas formas de traballar ou que perfís destacarán.
- **“Como mellorar a calidade do aire urbano? e que aprendemos na crise da COVID-19 respecto diso?”.** Conferencia organizada pola agrupación estratéxica CICA- INIBIC sobre a calidade do aire urbano e a crise da COVID-19.
- **After- Covid19: O papel da enxeñería civil e da edificación nun novo escenario.** Xornada organizada polo CITEEC na que persoas investigadoras da UDC comentarán as consecuencias da crise sanitaria no ámbito da enxeñería civil e da edificación.



Centros de investigación, eixos de innovación en sanidade


A necesidade de reforzar a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico outorga un papel relevante aos nosos centros de investigación, de forma que a través das súas actuacións e colaboracións facilitan o progreso da comunidade universitaria nun contexto marcado polo desenvolvemento da pandemia.

CITIC

Neste sentido, o CITIC puxo as súas capacidades ao dispor das institucións e, ademais, participou en diferentes proxectos nacionais e internacionais.

Proxectos de investigación

- **Cooperative Forecasting (ForeCoop).** Desenvolvemento dunha ferramenta web que permite monitorar e predicir o desenvolvemento da pandemia a través de datos relacionados con contaxios, falecementos, hospitalizados, etc. Este proxecto logrou o financiamento do Fondo Supera COVID-19.
- **HospFastLearn.**
- **CoDat (COVID-19 Database).**
- **Detección temperá.** Seguimento do estado de saúde das persoas maiores con tecnoloxías wearables para a detección temperá de contaxio por COVID-19.
- **viaDBG.** Caracterización de cuasiespecies virais.
- **Miopía fase 2.** Monitoraxe do impacto da pandemia da COVID-19 no estado anímico e a opinión pública da sociedade dixital.
- **DCOVID-19 (Drugs for COVID-19).** Búsqueda teórica de fármacos ou combinacións contra a COVID-19 usando química computacional, quimioinformática/bioinformática e Machine Learning.
- **COVIDLOC.** Motor multitecnoloxía para a localización de cidadáns afectados por COVID-19.
- **Diagnóstico COVID-19.** Proxecto centrado no desenvolvemento dun sistema de test de detección do coronavirus en mostras de cultivo nasofarínxeo e en plasma.
- **VirionBreak. Cálculo dinámico da cápside do SARS-CoV-2 para a súa destrución por resonancia.** Proxecto seleccionado polo Instituto de Saúde Carlos III na convocatoria de estudos sobre a COVID-19 que persegue elaborar estratexias para destruír a cuberta proteica do virus, cápside, e desta forma deter a infección.



Ademais, como feito relevante, conseguiuase o apoio da **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** para tres proxectos de investigación na loita contra a COVID-19. Desta forma, o CITIC posicionouse como o Centro de Investigación do Sistema Universitario Gallego (SUG) coa concentración máis alta de proxectos financiados.

- *Predición da estrutura de proteínas de SARS-CoV-2 con técnicas de Intelixencia Artificial.*
- *Proxecto ciencia e enxeñería de datos para a avaliación, predición poboacional e personalizada da evolución da enfermidade da COVID-19.*
- *Intelixencia Artificial vs COVID-19: Melloras na detección, avaliación e seguimento personalizado dos afectados.*

Eventos

- **Hackathon #EUvsVirus.** Evento impulsado polo Consello Europeo de Innovación que contou coa presenza de varios investigadores da nosa universidade e que busca a xeración de ideas para axudar á recuperación de Europa unha vez superada a pandemia..

Accións solidarias


- Teleformación en colaboración con entidades sen ánimo de lucro.
- Doazón de máscaras realizadas mediante impresora 3D.
- Doazón de pantallas pediátricas de protección individual.

Distincións

O investigador do CITIC Ricardo Cao foi nomeado presidente do Comité de expertos de Acción Matemática contra o Coronavirus. Esta iniciativa creouse coa finalidade de axudar ao Goberno de España na procura de solucións efectivas fronte á crise sanitaria derivada da pandemia.

CICA

Desde o CICA desenvolvéronse proxectos vinculados á loita contra o coronavirus, pero tamén se colaborou nou-tros proxectos de investigación en diversos campos das ciencias da saúde. Neste sentido, contaron en conxunto cun orzamento de máis de 2,5 millóns de euros. Ade-mais, no seu desenvolvemento colaboraron máis de 80 investigadores.



- Supramolecular Engineering of biologically inspired peptide nanostructures (SENSE). Desenvolvemento de sistemas sintéticos con comportamento responsivo a estímulos que abran novas posibilidades para a creación de arquitecturas artificiais, que imiten as estruturas proteínicas naturais.
- Producción dirixida de XOS para distintas aplicacións alimentarias mediante tecnoloxías encimáticas innovadoras. RETOS.
- Deseño e síntese de proteínas recombinantes superficiais quiméricas do virus SARS- CoV-2 para a produción dunha vacina en fermentos.
- Criogeles activados por xenes para reparación de cartilaxe (CRYO-GAM).
- Vesículas extracelulares pequenas: unha nova ferramenta terapéutica para o tratamento da artrose.
- Células nai pluripotentes inducidas (iPs) como modelo de artrose de mans.
- Axentes de contraste por IRM baseados en Fe(III) para a detección de cancro de mama (FeBre).
- Plataformas Innovadoras para Aplicacións Radiofarmacéuticas (OPTIMAL).
- Descubrimento de antitumorais innovadores dirixidos contra dianas oncolóxicas: sistema topoisomerasa e regulación da resposta inmune.
- Procura de interaccións HMGB- lncRNAs útiles no diagnóstico de cancro de ovario.
- Development of new antimicrobial strategies in Streptococcus pneumoniae based on targeting LCP protein family by the use of affybodies.
- NEODIANAR. Novas dianas terapéuticas implicadas na progresión tumoral e a resistencia a fármacos en cancro de próstata e de colon.
- Estudo xenético e epixenético do tratamento hormonal cruzado nunha poboación transexual: Un estudo lonxitudinal.
- Estudo de factores de risco xenético implicados no desenvolvemento de fragilidade en persoas maiores.
- Relación entre marcadores hormonais de control da inxesta e gasto metabólico. Efecto do balance enerxético negativo e a modificación de GH.

Investigación sanitaria. Eixo estratéxico de avance científico

No noso exercicio de promoción da investigación, desde a UDC traballamos no estudo, análise e transferencia de resultados relacionados coa saúde e actividades sanitarias máis aló das vinculadas á COVID-19. Neste sentido, destacamos os seguintes proxectos de investigación le-vados a cabo no seo da nosa universidade.

Asistencia técnica

- Apoio técnico para o servizo de asesoría ao sistema de vixilancia das enfermidades crónicas de Galicia (SVEC-G).
- Apoio técnico para o servizo de asesoría ao sistema de vixilancia das enfermidades crónicas de Galicia (SVEC-G) fase 3.
- Apoio técnico para o servizo de asesoría ao sistema de vixilancia das enfermidades crónicas de Galicia (SVEC-G) fase 4.
- Estudo teórico sobre a inactivación de Escherichia coli do efluente da EDAR de Ribeira mediante cloración.
- Informe de lesións e patoloxías derivadas do chan e a estrutura portante, incluíndo posibles solucións de reparación das partes sometidas a exame da Urbanización Pardal.
- Asesoramento para a atención psicolóxica a profesionais, menores e familias no contexto do sistema de protección á infancia.



Contrato apoio técnico

- Avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo.
- Desenvolvemento e evolución da suite de servizos e ferramentas tecnolóxicas Mediacoach.
- Avaliación da condición física e de variables biomecánicas e a planificación e supervisión do adestramento dos seus clientes.
- Investigación e desenvolvemento dun sistema móvil de xeración de ondas para correntes de electro-estimulación.
- Estudo pasos: actividade física, sedentarismo e obesidade en mozos españois.
- Apoio metodolóxico á investigación biomédica.
- Asesoramento médico no ámbito do exercicio, a saúde e as patoloxías.
- Dirección de traballos fin de máster no máster universitario en neuropsicoloxía e educación.
- Asesoramento en podoloxía.
- Ocupando a tarde, lecer saudable a través dos cans.
- Formación, supervisión e avaliación do servizo de intervención terapéutica e rehabilitadora do Goberno de Cantabria.
- Procedemento e dispositivo de medida de hemoglobina SEG EF19 pertencente á empresa instrumentación e oftalmoloxía Insoft S.L.
- Procedemento e dispositivo de medida de hemoglobina SEG EF18 pertencente á empresa instrumentación e oftalmoloxía Insoft S.L.
- Asesoramento para implantación terapia ocupacional e centro xeriátrico.
- Asesoramento en xestión de documentación científica sobre información xenética relacionada con cardiopatías familiares.
- Análise económica dos servizos prestados polos centros comunitarios Casas dá Mariña e Manuela Pérez Sequeiros do Concello de Narón.
- Estudos de investigación en podoloxía (EIP).
- Evidencia científica en podoloxía: investigación + transferencia + innovación (ECPITP).
- Asesoramento en investigación e desenvolvemento para xestión de imaxe médica dixital.
- Nova plataforma en liña para a xestión e compartición de datos relativos á diabetes pertencente á empresa Roche Diabetes Care S.L.
- Asesoramento no deseño e creación dunha ferramenta metodolóxica para a identificación e o control da situación de contaxio do coronavirus no deporte galego.
- Asesoramento en coordinación asistencial, docente e investigadora en procesos de fisioterapia.
- Plan director do turismo de Galicia fronte á COVID-19.

Contrato de investigación

- Asesoramento en ortopodoloxía integral, biomecánica e patoloxía podolóxica.
- Avances na xestión integrada do sistema de saneamento da aglomeración da Coruña.
- Estudos de investigación, innovación e transferencia en podoloxía (EIITP).
- Desenvolvemento da ferramenta de planificación para os servizos de radioterapia de Galicia.
- Desenvolvemento e validación dunha metodoloxía de detección e cálculo de núcleos celulares en imaxes histopatolóxicas tinguidas por hematoxilina e eosina e almacenadas nunha estrutura DICOM WSI.
- Avaliación de pacientes con DMAE húmida mediante visión artificial.
- Monitoraxe e sensorización de contaminantes orgánicos emerxentes en Edar Bens S.A. (BENS- REWAPO_2)
- Segunda fase da monitoraxe do virus SARS-COV-2 nas instalacións xestionadas por Edar Bens S.A.

Proxecto colaborativo

- Integrated approach on the fate of Microplastics. Mellora da comprensión dos mecanismos de degradación que afectan aos microplásticos en condicións ambientais.
- Desenvolvemento dixital do servizo de reumatoloxía do CHUAC.
- Mellora dixital do servizo de reumatoloxía do CHUAC.



Vida saudable proxectada a toda a comunidade universitaria. UDC Saudable

A UDC é unha contorna que protexe e favorece a saúde, promovendo coñecementos e habilidades orientadas cara aos estudantes e traballadores, guiándoos nun estilo de vida máis saudable. Ademais de ser un motor de investigación e formación de profesionais futuros, é unha contorna onde interactúan os factores ambientais, organizativos e persoais que afectan o benestar e a saúde.

En 2014 o Consello de Goberno da Universidade da Coruña, aproba a adhesión da organización de ensino coruñés á Rede Española de Universidades Saudables e créase a Oficina UDC Saudable e dúas comisións: Comisión Técnica e Comisión de Apoio. Este acordo supón a elaboración dun proxecto de traballo que fomenta a saúde na cultura universitaria, nas súas políticas institucionais, estrutura, procesos e plans de estudo, identificando as necesidades da comunidade universitaria.

OBXECTIVOS:

- ✓ Ser exemplo de saúde na sociedade no seu conxunto.
- ✓ Fomentar a investigación, a docencia e o intercambio na área de Promoción da Saúde.
- ✓ Promover e favorecer a cooperación entre os organismos de saúde pública, as institucións comunitarias e as universidades.
- ✓ Participar en proxectos internacionais e no desenvolvemento de proxectos comúns coa Rede.
- ✓ Fomentar e aumentar a oferta de actividades relacionadas coa promoción da saúde da comunidade universitaria.

Acórdanse liñas estratéxicas para organizar o proxecto de universidade promotora de saúde:

- *Contornas universitarias que promovan a saúde.*
- *Incorporación nos plans de estudo universitarios de formación en promoción da saúde a nivel de grao e posgrao.*
- *Investigación en promoción da saúde.*
- *Participación e colaboración entre os organismos de saúde pública, as institucións comunitarias e as universidades.*
- *A oferta de servizos e actividades no campus dirixidas a promover a saúde da comunidade universitaria.*

A UDC elabora todos os anos unha memoria UDC saudable na que se detallan as actividades realizadas nesta liña. Implícanse algunhas facultades como a de Enfermería e Podoloxía e algunhas cátedras como a Cátedra HM de Traumatoloxía do Deporte.

Na memoria anual descríbense actividades no marco deste programa saudable, algunhas delas son:

- A transmisión da “Declaración das Universidades como Centros Promotores de Saúde”.
- Participación na Campaña Mensaxe Saudable Mensual da REUS (Rede Española de Universidades Saudables).
- Convocatoria do II “Reto da Froita” de REUS.
- Promoción de datas axendadas no calendario por exemplo o 10 de febreiro Día internacional dos Legumes.
- Inicio da participación na I Edición do concurso de imaxes: Reflicte a felicidade.

2.3. A colaboración Universidade-Sociedade como factor de impulso contra a pandemia

Desde a Universidade, queremos posicionarnos como motor de liderado e referencia na transformación social.



Apoio aos servizos sanitarios e ás persoas con necesidades derivadas da COVID-19

Como non podía ser doutra forma, desde a Universidade da Coruña puxemos as nosas capacidades ao dispor da institucións e sociedade en xeral. Desta forma, cedemos ao Área Sanitaria á residencia “Elvira Bao” para o aloxamento temporal dos sanitarios que estiveron na loita contra a COVID-19.

Así mesmo, doamos todo o material sanitario dispoñible en centros docentes, centros de investigación e laboratorios. Ademais, desde a Escola de Deseño Industrial do Campus de Ferrol fabricamos pantallas de protección facial mediante impresoras 3D.

1.098

batas

859

calzas,
gorros
e paños
quirúrxicos

65.555

luvas

4.368

máscaras

10

solucións
hidroalcolicas

Na mesma liña que os gobernos e autoridades sanitarias desde a UDC realizamos campañas de probas serolóxicas. Desta maneira, efectuamos un cribado masivo a todo o persoal que o solicite, tanto a persoas da comunidade universitaria como a persoas empregadas de empresas externas subcontratadas.

En total, realizáronse no seo da nosa Universidade máis de 7.000 probas e, para iso, contamos con 19 profesionais de enfermería contratados, 33 alumnos e alumnas da UDC e 16 persoas pertencentes ao noso persoal docente e investigador.

Así mesmo, impulsamos o Programa AFRONTEMOS 21 para dar cobertura a todas as necesidades das persoas no contexto da pandemia. Por medio deste programa ofrecemos atención psicolóxica a toda a comunidade universitaria a través de sesións en liña e sesións presenciais.

“Puxemos os nosos recursos ao dispor das autoridades competentes co obxectivo de colaborar e apoiar na xestión da crise sociosanitaria xerada pola pandemia.”

Voluntariado

Contamos con persoas voluntarias da nosa universidade co obxectivo de axudar ás persoas con necesidades específicas ou dificultades concretas. Para alcanzar as metas propostas establecemos colaboracións co Concello da Coruña e con Cruz Vermella:

- Voluntariado en colaboración co Concello da Coruña para facer recados a persoas en situación de especial vulnerabilidade ou mobilidade reducida e, ademais, acompañar telefonicamente ás persoas que se atopan en situación de soidade.
- Voluntariado en colaboración con Cruz Vermella para facer compras a persoas en situación de vulnerabilidade fronte a COVID-19, sempre baixo as medidas de seguridade para evitar contaxios.

Servizos universitarios

- Algunhas bibliotecas universitarias elaboraron páxinas web, blogues ou pequenos portais que recompilan ligazóns directas a contidos, titoriais e servizos de interese para os usuarios durante a crise do coronavirus.

- Servizos na biblioteca durante a crise da COVID-19.
- Abrimos unha canle de deportes en UDCTV con vídeos en aberto destinados a todos os públicos para facer actividade física na casa.

Colaboración coa comunidade

Desde a UDC queremos impulsar o desenvolvemento das comunidades e ofrecer o noso apoio durante a crise socioeconómica xerada pola COVID-19. Por este motivo, a comunidade universitaria leva a cabo accións que buscan achegar facilidades ao desenvolvemento social da nosa contorna máis próxima.

Antigos alumnos da UDC que forman parte dunha empresa aloxada no Viveiro de empresas da nosa universidade, puxeron en marcha unha iniciativa de apoio ao pequeno comercio e aos autónomos de Galicia. Esta iniciativa permitía comprar produtos e servizos durante o estado de alarma e o confinamento para poder consumilos ou usalos cando volvan abrir os establecementos.

Por outra banda, tamén no marco de apoio ás comunidades, a Escola de Arquitectura da UDC ofrece un servizo gratuíto de asistencia para a mellora da habitabilidade dos fogares durante o confinamento.



2.4. O noso compromiso coa continuidade dos servizos

O desenvolvemento do curso universitario 2019-2020 estivo marcado pola situación derivada da pandemia da COVID-19. O coronavirus provocou un escenario de crise sanitaria que repercutiu directamente sobre o desenvolvemento normal de todas as actividades da sociedade, incluídas as actividades universitarias de docencia e investigación.

Desde a UDC actuamos con prudencia, pero en base á urxencia que requiría a situación vivida. Por iso, actuamos con dilixencia constituíndo un Comité de seguimento da COVID-19, establecendo un Plan de continxencia e, posteriormente, suspendendo as clases presenciais desde o día 13 de marzo, seguindo as directrices establecidas polas autoridades competentes.

Unha vez establecidos os primeiros pasos, co fin de salvagardar a saúde e seguridade de todas as persoas pertencentes á comunidade universitaria, establecemos como prioritario traballar para poder dar continuidade aos servizos e garantir a finalización do curso. En todo caso, sempre tendo en conta a elevada incerteza do panorama establecido pola crise da COVID-19.

Neste sentido, nun primeiro momento, pechamos as instalacións universitarias ao público suspendendo a docencia presencial, dando continuidade aos servizos administrativos baixo disposicións extraordinarias que tiveron en conta tanto o ámbito laboral como persoal e priorizando a modalidade de traballo telemática cando sexa posible.

“Depositamos todos os nosos esforzos en posibilitar a continuidade dos nosos servizos e, en particular, a finalización dos estudos garantindo a calidade dos mesmos”.

En calquera caso, desde a UDC traballamos para garantir os seguintes servizos esenciais:

- Docencia presencial.
- Seguridade e limpeza de edificios e instalacións.
- Residencias.
- Goberno e dirección.
- Prevención de riscos.
- Tecnoloxías da información e da comunicación.
- Pago a provedores.
- Retribucións e cotizacións sociais.
- Atención telefónica.



Co inicio do estado de alarma, o teletraballo foi a disposición prioritaria para poder continuar na medida do posible coa realización das actividades docentes, investigadoras, de transferencia e de xestión levadas a cabo tanto polo PDI como o PAS.

Da mesma forma, desde a universidade en colaboración cos organismos competentes, depositamos os nosos esforzos en garantir a calidade da docencia mediante medidas que nos permitiron concluír o curso 2019-2020. Así, as persoas docentes da nosa universidade impartiron as clases de forma telemática, garantindo a docencia non presencial sempre que fose posible.

Para iso, toda a documentación e material necesario foi facilitado en formato dixital accesible. Ademais, os contidos das materias foron adaptados aos novos tempos marcados por unha situación excepcional. Neste sentido, as avaliacións realizáronse de forma virtual, garantindo a igualdade de acceso e oportunidades para toda a comunidade universitaria. Cando a realización telemática das avaliacións non foi posible por, na súa maioría, o compoñente práctico da actividade docente, esta non foi computada trasladando o seu reforzo a cursos posteriores.

Desde a UDC ofrecemos e impartimos teleformación a través de diferentes recursos formativos, así como celebrado diversos eventos, co obxectivo de que os nosos profesionais continuasen realizando o seu traballo de forma eficiente e coa mesma calidade.

Impulsamos a continuidade dun novo curso mediante a adaptación a un novo panorama e a ilusión de manter a impartición dunha educación de calidade.

O comezo dun novo curso baixo as circunstancias excepcionais que rodean o escenario xerado pola pandemia do coronavirus, supuxo grandes retos, pero tamén novas oportunidades de continuar medrando e mantendo unha organización académica única.

A nosa prioridade foi, e segue sendo, a volta da comunidade universitaria de forma segura velando en todo momento pola saúde de todas as persoas. Por este motivo, traballamos en profundidade nas medidas que permitan garantir a máxima seguridade:

- **Docencia baixo circunstancias especiais.** Na universidade traballamos na volta ás aulas en modalidade presencial con distanciamento social enmarcada nun escenario con elevada incerteza. Por iso, establecemos a probabilidade dun marco de docencia mixta onde se alterne o ensino académico presencial coa non presencial. Ademais, introducimos nas guías docentes un plan de continxencia que prevén e facilita as actuacións nun marco de non presencialidade debido a novos brotes no desenvolvemento da pandemia
- **Foco nas medidas hixiénicas.** Coa finalidade de manter e salvagardar a saúde e seguridade de toda a comunidade universitaria, elaboramos un plan para reforzar a limpeza e desinfección dos nosos edificios e instalacións, tanto de forma previa ao comezo do curso universitario como durante o desenvolvemento do mesmo. Desta forma, ofrecemos apoio e asesoramento aos estudantes, PDI e PAS, incluíndo soporte mediante competencias dixitais.
- **Formación en competencias dixitais.** Para promover a adaptación ás novas necesidades, impulsamos a formación en competencias dixitais a través de tres modalidades: cursos autoformativos, seminarios en liña e rede de asesores/as de teleformación.
- **Adecuación dos postos de traballo.** Baixo a coordinación do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC, acondicionáronse e adaptaron os postos de traballo do noso PDI e PAS para facilitar a volta e establecendo medidas en función de diferentes escenarios de exposición ao risco.

Axudas e colaboración institucional para seguir avanzando

A nosa Universidade colaborou coa Xunta de Galicia a través da Consellería de Educación no marco do Sistema Universitario Gallego co obxectivo de establecer os convenios necesarios para canalizar fondos que permitan realizar accións que fortalezan a nosa posición debido á situación xerada pola pandemia.

Recibimos desde a Xunta de Galicia máis de 850.000 euros para impulsar actuacións neste contexto. Ademais, a través do Fondo COVID-19 do Goberno Central, púxose ao dispor da UDC fondos por valor de máis de 3 millóns de euros. Estes fondos diríxense principalmente para a realización de actuacións ao redor dos seguintes eixos:

- Prevención e control sanitario.
- Dixitalización reforzada.
- Actuación en infraestruturas menores.

A crise sanitaria da COVID-19 xerou un impacto a nivel socioeconómico, obrigando a adaptarnos e impulsar medidas que nos permitan realizar unha xestión económica eficiente e reestruturar as partidas orzamentarias.

Para mitigar os efectos da crise da COVID-19, desde a UDC xestionamos diferentes medidas en colaboración cos organismos competentes. Neste sentido, destacamos o impulso de procesos de administración electrónica, medidas fiscais excepcionais que se centran principalmente en aspectos sobre o IVE e aprazamento das cotas de amortización dos parques tecnolóxicos.

Por outra banda, a pandemia tivo un impacto relevante na xestión orzamentaria. Desta forma, repercutiu directamente nunha perda de ingresos o que conlevou a unha contención necesaria do gasto. Este axuste orzamentario viuse aliviado polas axudas das administracións competentes e o aforro derivado de medidas fiscais e financeiras favorables.

A dixitalización como oportunidade de adaptación a unha nova contorna

O contexto socioeconómico xerado pola COVID-19 acelerou a transformación dixital da sociedade no seu conxunto e, por tanto, as universidades non son alleas a este proceso. Por este motivo, desde a UDC traballamos para ser un motor de transformación e adaptarnos ás novas demandas sociais e a unha nova contorna máis dixital.

A través das iniciativas desenvolvidas, impulsamos actuacións que camiñan cara á transformación dixital e a protección social e ambiental. As ferramentas tecnolóxicas e sanitarias adquiren unha maior relevancia para o desenvolvemento de todas as actuacións vinculadas ás necesidades da comunidade universitaria.

Dixitalización da actividade universitaria

Co obxectivo de continuar cos servizos universitarios, impulsamos plataformas para facilitar o acceso a servizos de teleformación e posto ao dispor do PDI e PAS, plataformas de teletraballo para posibilitar a realización eficiente das súas funcións a distancia.

Neste sentido, impulsamos a administración electrónica para todas as xestións administrativas necesarias, así como ferramentas dixitais tanto para completar o ensino presencial como para ofrecer novas formacións en competencias dixitais, teleformación e/ou teletraballo.

Ademais, tamén creamos unha páxina web onde facilitamos toda a información relativa á crise do coronavirus, onde recolleemos os plans de continxencia dos centros e a información necesaria para seguir a evolución dos servizos debido á pandemia. Desta forma, para facilitar a xestión da citada crise creamos un espazo específico onde se centraliza toda a información sanitaria e a normativa relacionada, de forma que calquera persoa da comunidade universitaria teña a posibilidade de estar informado da situación actual.

Actividade física e saúde na casa

Promovemos a saúde e o benestar de toda a comunidade universitaria e por iso, desenvolvemos servizos de actividade física para que todas as persoas, durante as etapas de confinamento, poidan continuar realizándoa desde os seus domicilios adaptándose ás necesidades persoais.

Ademais, puxemos a disposición unha canle de deportes con vídeos en aberto destinado a todos os públicos para seguir favorecendo a actividade física.





A COLABORACIÓN UNIVERSIDADE-EMPRESA COMO OBXECTIVO CHAVE

A alianza que se crea entre a universidade e a empresa é unha oportunidade de desenvolvemento socioeconómico. Neste marco créanse as cátedras, que permiten levar a cabo accións específicas de formación, divulgación, de transferencia de coñecemento e de investigación nas áreas de interese común para a empresa e a Universidade. As cátedras constitúense a través dun convenio no marco regulatorio correspondente, establecendo uns obxectivos que dan reposta ás necesidades das entidades que colaboran.

As tendencias actuais inciden na necesidade de fortalecer as relacións entre entidades público-privadas. Estas colaboracións teñen que ser o motor de creación e crecemento dos procesos de innovación e transformación dixital, promovidos polos estímulos económicos e sociais da nosa contorna.

3.1. As Cátedras Universidade-Empresa na UDC

Cátedra ALDABA WIB

A Cátedra ALDABA WIB: Women, ICT & Business nace en 2019 coa vocación de converterse nun espazo para promover a participación das mulleres no desenvolvemento das TIC.

Ademais, fomenta a difusión das contribucións das TIC na mellora dos servizos sociais, culturais e da saúde.

OBXECTIVO:

- ✓ Potenciar e enriquecer o progreso das TIC



Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos

En 2017 créase a Cátedra Cosme Álvarez dos Ríos en colaboración con Navantia. A cátedra nace co fin de fomentar o intercambio de experiencias nos campos da docencia, a investigación e a cultura en xeral.

As **liñas de traballo establecidas** tratan de iniciativas e proxectos relacionados cos sectores naval e industrial, así como cos sistemas asociados a ambos sectores.

No marco desta cátedra ofrécese un plan de bolsas para os alumnos da UDC que realicen as prácticas en Navantia. Ademais, mantén relación coas Universidades de Cádiz, a Politécnica de Cartaxena, e a Politécnica de Madrid.

Como responsables da xestión da cátedra por parte da UDC atópase Dña. Ana Álvarez García, profesora da Escola Politécnica, e por parte da empresa D. Fernando Lago Rodríguez, director de Enxeñería e Innovación de Navantia.

As principais actividades desenvolvidas foron as seguintes:

- Ciclo de 2 conferencias: “Una expedición hacia el futuro con la inteligencia artificial” e “La industria naval en la eólica offshore”.
- Convocatoria de dúas bolsas para a realización de prácticas académicas externas en Navantia.
- Resolución da convocatoria do premio á Innovación Navantia e accésit, para traballos de fin de máster, curso 2019/20.
- Seguimento e reporte da interacción nas redes sociais e das noticias publicadas. Cátedra EMALCSA.

OBXECTIVOS:

- ✓ Estimular a investigación e a transferencia no ámbito da Enxeñería Naval e Industrial e os sistemas asociados entre ambas institucións.
- ✓ Colaborar no deseño e impartición de programas de formación permanente no ámbito da Enxeñería.
- ✓ Promover as prácticas curriculares e extracurriculares entre a UDC e Navantia.
- ✓ Organizar foros de encontro entre a Universidade e Navantia que permitan o intercambio de coñecemento, experiencias e inquietudes, con especial interese no ámbito do Campus Industrial.
- ✓ Premiar aos alumnos que destacasen en actividades específicas relacionado cos obxectivos de mutuo interese das dúas partes.
- ✓ Impulsar a colaboración entre as dúas institucións para a presentación de proxectos en concursos de ideas, prototipos e similares de carácter internacional.
- ✓ Apoiar e fomentar propostas e actividades de I+D+i e a obtención de patentes.



17.600 euros
en bolsas.

2 beneficiarios
directos de bolsas.

2 persoas
traballando no proxecto.

Cátedra EMALCSA

A Cátedra EMALCSA-UDC representa un marco de traballo entre ambas institucións que busca avanzar no coñecemento dos sistemas de auga urbana desde a visión da sustentabilidade. A cátedra caracterízase pola súa transversalidade, establecendo un valor diferencial na auga como recurso.

OBXECTIVOS:

- ✓ Coordinar a investigación e a transferencia no ámbito de sistemas de auga urbana.
- ✓ Destacar a colaboración EMALCSA- Persoal investigador da UDC.
- ✓ Avanzar na definición de estratexias e metodoloxías.
- ✓ Conseguir que os resultados e os produtos desenvolvidos sitúen a EMALCSA como referente.
- ✓ Desenvolvemento de iniciativas de divulgación, formación e transferencia.
- ✓ Promover e aumentar a oferta de prácticas coa UDC.
- ✓ Concretar foros de encontro entre a UDC e EMALCSA.



Cátedra Epifanio Campo

Do convenio de colaboración da UDC e o Grupo RODONITA, asinado en novembro 2019, nace a Cátedra Epifanio Campo. Esta cátedra está adscrita á Escola Politécnica Superior no Campus Industrial de Ferrol, e a súa creación está inspirada na filosofía de responsabilidade ambiental e economía circular do innovador empresario Epifanio Campo.

Búscase a interacción entre experiencias no campo da docencia, a investigación e a divulgación científica, involucradas co medio ambiente, a xestión de residuos e a sustentabilidade.

Co fin de cumprir os obxectivos establécense as liñas de traballo:

- *Desenvolvemento do Centro De Interpretación De Residuos Industriais.*
- *Formación e divulgación.*
- *Transferencia e investigación.*

As actividades de planificación, seguimento e avaliación da Cátedra serán realizadas por unha Comisión mixta, órgano integrado por membros da Universidade da Coruña e de RODONITA- medioambiente. Valóranse futuras colaboracións con outras cátedras, adscritas á Escola Politécnica Superior ou de temática similar, para posibles actividades de interese común.

OBXECTIVOS:

- ✓ A conceptualización, deseño e posta en marcha do Centro de Interpretación de Residuos Industriais, como meta estratéxica.
- ✓ Avanzar na divulgación científica na comunidade universitaria, escolar e sociedade, sobre aspectos de xestión medio ambiental relacionados coa recuperación e valorización dos residuos industriais.



6 persoas
traballando no proxecto.

As actividades desenvolvidas dentro do programa foron as seguintes:

- Con carácter divulgativo: deseño dun logo para a cátedra, creación da páxina web e conta de correo electrónico, preparación de material informativo da cátedra, redacción dunha lista de colaboración para establecer contactos de interese e xestión da aparición nos medios de comunicación.
- Desenvolvemento da programación, deseño do espazo e elección dos materiais para a conservación e adaptación da zona destinada para o Centro de Interpretación de Residuos Industriais.
- Reunións e encontros para o deseño do CIRI (Centro De Investigación De Residuos Industriais).
- Borrador de proposta de premios para impulsar a participación da comunidade universitaria, nos proxectos de investigación relacionados co tratamento dos residuos industriais.

Cátedra Everis

A cátedra Everis de Transformación Dixital establece un vínculo entre a Universidade da Coruña e a empresa Everis desde 2018, atopándose adscrita á Facultade de Informática.

A responsable da cátedra é Dña. Adriana Dapena Janeiro, profesora titular da UDC e as temáticas nas que se centra a cátedra enmárcanse en Big Data, Ciberseguridade, mobilidade e outras TIC.

Defínense as seguintes liñas estratéxicas de traballo:

- Organización de cursos e talleres da temática das TIC e de orientación profesional.
- Aliñación dos coñecementos e as competencias dos estudantes cos intereses que demanda o mercado laboral actual e futuro.
- Desenvolvemento de liñas de investigación conxunta para a cooperación en proxectos de investigación rexional, nacional e europeo.
- Promoción de graos, másteres e doutoramentos.
- Deseño e impartición de programas de formación.

Bolsas disponibles para realizar a cátedra:

- Bolsas para a formación de estudantes dos últimos cursos para poder colaborar en actividades de mentoring.
- Bolsas para a realización de 3 prácticas na empresa de carácter formativo.
- Apoio a 4 investigadores da UDC para a adquisición de material funxible destinado á impresión de material de protección individual.
- Axudas económicas para 10 estudantes que realizaron os seus traballos de final de Grao no mes de xullo ou setembro de 2020 durante o confinamento debido á COVID-19.

Este ano leváronse a cabo as seguintes actividades:

- Cursos de formación para estudantes mentores.
- Taller formativo de SCRUM, ao que asistiron 30 persoas.
- Taller competencial "Comunica e emociona" que contou con 32 asistentes.
- Adquisición de material para a fabricación de viseras de protección contra a COVID.
- Iniciativas de apoio: premio mellor TFG aplicado da FIC, o financiamento de 3 prácticas na empresa, a 10 estudantes que realizaron o seu TFG durante a pandemia, a un premio outorgado durante o II Congreso Xove TIC, Organizado polo CITIC.

OBXECTIVOS:

- ✓ Colaborar na docencia, investigación e transferencia tecnolóxica.
- ✓ Facilitar a incorporación dos estudantes ao mundo laboral.
- ✓ Implicarse na transformación dixital das organizacións públicas e persoais de Galicia.
- ✓ Favorecer actividades que permitan crear espazos de debate e difusión da actividade docente e investigadora da Facultade de Informática.



340 alumnos e alumnas matriculados na cátedra.

1 profesor responsable da cátedra.

10 persoas traballando no proxecto.

340 beneficiarios de bolsas.

3 empregos xerados.

Cátedra Fundación INADE

A Cátedra Fundación INADE de Xestión do Risco e o Seguro xorde do convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e Fundación INADE en 2015 iniciando a súa actividade en 2016. Desde os seus inicios, busca o intercambio de experiencias como mellora da docencia, promoción da investigación e a cultura en materia de xestión de riscos.



OBXECTIVOS:

- ✓ Fomentar e divulgar unha cultura de xestión responsable do risco na sociedade.
- ✓ Favorecer a formación de profesionais competentes e cualificados para mellorar a xestión dos riscos presentes na contorna socioeconómica de Galicia.
- ✓ Promover a transferencia de coñecementos en materia de xestión de riscos desde a universidade á sociedade.

Cátedra SxD Galicia Activa

En 2018 a Secretaría Xeral para o Deporte a través da Fundación Deporte Galego e a Universidade da Coruña poñen en marcha a Cátedra SxD Galicia Activa, co fin de fomentar o intercambio de experiencias nos campos da docencia, a investigación e a cultura xeral coa actividade física.



OBXECTIVOS:

- ✓ Divulgar os beneficios da adopción de estilos de vida fisicamente activos.
- ✓ Colaborar coa formación de profesionais.
- ✓ Promover a investigación e transmisión de coñecementos na materia.
- ✓ Axudar a implementar e dar seguimento ás medidas do Plan Galicia Saudable.
- ✓ Impulsar o desenvolvemento de tarefas de investigación.

Cátedra Handytronic

A cátedra Handytronic-Grupo Telecon, creada en 2017 e adscrita á Facultade de Informática, céntrase na realización de traballos de colaboración nos ámbitos de docencia, investigación, transferencia de coñecemento e empregabilidade dos estudantes.



OBXECTIVOS:

- ✓ Apoio á investigación.
- ✓ Apoio a actividades de docencia na Facultade de Informática.
- ✓ Desenvolvemento de proxectos no ámbito das TIC vinculado ás ciencias da saúde.

Cátedra HM

Desde 2015, a Cátedra HM de Traumatoloxía do Deporte regula a colaboración estable entre a Universidade da Coruña e HM Hospitais co fin de desenvolver o campo da sanidade e avanzar cara á excelencia.



OBXECTIVOS:

- ✓ Posicionar A Coruña como centro de referencia no ámbito da Traumatoloxía do Deporte, non só a nivel rexional, senón para todo o noroeste peninsular.
- ✓ Promover unha formación de calidade no campo da Traumatoloxía do Deporte nos ámbitos da Medicina, Fisioterapia e da Educación Física, da que poidan aproveitarse os profesionais da contorna da UDC e da cidade da Coruña.
- ✓ Incentivar unha investigación estable no ámbito da Traumatoloxía do Deporte.

Cátedra Hijos de Rivera-UDC de Desenvolvemento Sostible

A cátedra anexa á facultade de Economía e Empresa da UDC no Campus Sustentabilidade, formúlase en febreiro de 2019 tras o convenio entre a Universidade da Coruña e a corporación Hijos de Rivera. É a resposta ao compromiso transversal a todos os campos do coñecemento, articulando actividades en todo tipo de ámbitos, como enxeñería, arquitectura, bioloxía, economía e dereito.

Estímulanse as liñas de traballo:

- Actividades de investigación e encontros entre sectores interesados.
- Seminarios sobre experiencias e modelos de transformación socioeconómica.
- Propostas de formación e divulgación relacionadas co desenvolvemento sostible.

Debido ao carácter similar dos seus obxectivos, esta cátedra mantén proxectos de interese común coa Cátedra EMALCSA-UDC. O único responsable é o Dr. Anxo Santiago Fernández Castro, profesor na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais no Campus de Elviña. Como parte do programa da cátedra, no curso 2019-2020, sufragáronse os 80 certificados dos membros que realizaron o curso en liña "Sustentabilidade na era do Big Data (2ª Edición)".

OBXECTIVOS:

- ✓ Facilitar á comunidade universitaria e á sociedade, unha visión analítica sobre a importancia estratéxica de alcanzar un desenvolvemento socioeconómico compatible co medio ambiente.
- ✓ Desenvolver modelos disruptivos e innovadores buscando o equilibrio entre a competitividade económica, o respecto ao medio ambiente e o avance social.



80 beneficiarios de bolsas.

1 profesor responsable da cátedra.

4.694,8 euros en bolsas.

Actividades no seo da cátedra:

- Organización da xornada "Modelos innovadores de aproveitamento de recursos".
- Organización e impartición da conferencia "O reto da economía circular".
- Patrocinio do curso "A Economía Circular non marco da Axenda Mundial 2030 e o cumprimento do Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable N° 12".
- Patrocinio do curso en liña "Sustentabilidade na era do Big Data (2ª edición)".

Cátedra INDITEX-UDC de Sustentabilidade

Para a transmisión do coñecemento sobre sustentabilidade cara á sociedade, nace en 2010 a Cátedra INDITEX de Responsabilidade Social que, posteriormente denomínase Cátedra INDITEX-UDC de Sustentabilidade.

Liñas de traballo establecidas:

- *Formación a través do curso de especialización en sustentabilidade e innovación social ou CESIS.*
- *Fomento da investigación aplicada en materia de sustentabilidade, innovación social e responsabilidade social universitaria mediante a colaboración na elaboración da Memoria RSU da UDC.*
- *Creación dun espazo para o intercambio por medio do ciclo de conferencias En Código Aberto.*
- *Apoio e cobertura científica ás coleccións do Consello Social da UDC en materia RSC/RSU.*

A Cátedra INDITEX-UDC de Sustentabilidade está integrada na rede internacional de colaboración de Inditex con centros universitarios de prestixio a favor de novos ámbitos académicos en materia social, entre eles atópase o programa InTalent da UDC. A responsable da cátedra, Marta Rey García, profesora na área de comercialización e investigación de mercados, colabora coa Rede de Cátedras de Responsabilidade Social de España.

OBXECTIVOS:

- ✓ Creación dun espazo de reflexión comunitaria e transferencia de coñecemento.
- ✓ Formación académica e investigación aplicada sobre a sustentabilidade.
- ✓ Innovación social das administracións públicas, as universidades, empresas e entidades non lucrativas.



27 alumnos e alumnas matriculados en la cátedra.

2 persoas traballando no proxecto.

1 emprego xerado.

A **oferta de bolsas** cubre o 40% do alumnado, e implica o importe do 50% da matrícula, este curso entregáronse 11 bolsas. Os beneficiarios son titulados universitarios con potencial e excelentes aptitudes profesionais que se atopan sen traballo durante a duración do curso. Existen criterios de valoración para a obtención destas bolsas:

- *Nota media de expediente.*
- *Coñecementos de inglés (criterio decisivo en caso de empate).*

A participación durante o curso 2019-2020 foi dun total de 34 profesores/as invitados/as interesados no CESIS, con procedencia de diferentes ámbitos laborais.

Actividades:

- Edición IX do Curso de Especialización en Sustentabilidade e Innovación Social (CESIS), de modalidade presencial con adaptación en liña pola situación sanitaria.
- Elaboración de proxectos de aprendizaxe por parte dos alumnos do CESIS con colaboracións de asociacións non lucrativas: Plans de acción en resposta a retos globais.
- IX Edición do ciclo de conferencias En Código Aberto.
- Publicación do primeiro estudo de avaliación do impacto social da Cátedra no *International Journal of Sustainability in Higher Education*, titulado "Enhancing the effects of university education for sustainable development on social sustainability: the role of social capital and real-world learning".

Cátedra Jorge Juan

A Cátedra Jorge Juan nace do convenio de cooperación entre o Ministerio de Defensa e a Universidade da Coruña, subscrito o 20 de xuño de 1993 e asinado polos representantes de ambas as institucións o 10 de marzo de 1994 na cidade de Ferrol.



OBXECTIVO:

- ✓ Ser órgano de relación institucional para temas culturais de promoción conxunta entre a Armada (Zona Marítima do Cantábrico) e a Universidade da Coruña, ao amparo dos acordos de colaboración asinados entre ambas as institucións.

Cátedra Luis Fernández Somoza

A Cátedra de internacionalización de Estudos Luís Fernández Somoza ten como eixo central lanzar internacionalmente aos seus estudantes e profesores, e recibir a prestixiosas personalidades académicas que enriquezan a nosa visión e melloren a nosa capacidade de adaptación aos novos mercados e produtos.



OBXECTIVOS:

- ✓ Mobilidade de profesores e estudantes.
- ✓ Proxección internacional da Facultade de Economía e Empresa a través de novos convenios con outras facultades de economía e empresa internacionais e localizadas como estratéxicas.
- ✓ Promoción de ciclos de conferencias con académicos de relevancia internacional.

Cátedra de Protección Civil e Xestión de Emerxencias

A cátedra de Protección Civil e Xestión de Emerxencias nace en 2019 da colaboración entre a UDC e a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol coa función de converterse nun espazo estratéxico de investigación sobre a protección civil. Dentro do marco da cátedra ofrécese unha bolsa para a promoción dun traballo de final de Master en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns que estea relacionado cos obxectivos da cátedra.

As súas liñas de actuación fórmulanse ao redor dos eixos:

- *Estratéxicos: Investigacións de espectáculos públicos e actividades recreativas, deportivas e culturais.*
- *Concretos: Actuación municipal fronte a fenómenos meteorolóxicos adversos, coordinación e comunicación en emerxencias, autoprotección en centros escolares e centros públicos dependentes doutras administracións, elaboración de plans de emerxencia ou autoprotección en espazos singulares e protocolos de actuación en emerxencias relacionadas co abastecemento da auga.*

OBXECTIVOS:
